

13

Medidas Imprescindibles



13

MEDIDAS IMPRESINDIBLES

1.	PROXECTO DE FUTURO PARA O MONTE GALEGO - PLANIFICACIÓN:	2
2.	ESTABILIDADE DA INVERSION PÚBLICA	3
3.	DESENVOLVEMENTO DE INCENTIVOS Á PRODUCCIÓN FORESTAL	4
4.	ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE A PROPIEDAD FORESTAL	5
5.	MELLORA DA EFICACIA DA ADMINISTRACIÓN	5
6.	INNOVACIÓN NOS MODELOS DE XESTIÓN FORESTAL.....	6
7.	MARCO COMPETENCIAL ADECUADO.	7
8.	APOYO E COMPROMISO INSTITUCIONAL	7
9.	COOPERACION INTERREXIONAL	7
10.	INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA	8
11.	FOMENTO DO USO DA MADEIRA.....	8
12.	CERTIFICACIÓN FORESTAL	9
13.	LEI DE MONTES.....	9

1. PROXECTO DE FUTURO PARA O MONTE GALEGO - PLANIFICACIÓN:

A necesidade de converter ao monte nun dos piares da competitividade do sector transformador da madeira e un recurso estratéxico para o desenvolvemento integral de moitas comarcas, require a formulación dunha política forestal específica e a asignación de medios extraordinarios.

A definición dunha Política Forestal en Galicia non debe vir condicionada por enfrontamentos maniqueos entre o uso forestal e outros usos (agrícolas, gandeiros,...), nin polémicas estériles entre especies forestais “boas e malas”. As premisas que deben orientar a mesma, polo contrario, deben ser o recoñecemento da oportunidade que supón que Galicia posúa unhas características privilexiadas para a produción de madeira e conte cun sector empresarial, de orixe eminentemente galego, diversificado e capaz de dar, de maneira eficiente, valor á mesma.

Para cimentar adecuadamente o establecemento de obxectivos, medios e prazos, á urxente contar cunha actualización exhaustiva da información en especial a territorial forestal (inventario) e a que caracteriza a economía vinculada ao monte.

É imprescindible, que a planificación resultante, leve o compromiso político e social ao máis alto nivel e coa maior estabilidade posible.

Non obstante, a experiencia acumulada ata o momento non permite ser moi optimistas. En 1992 aprobouse por unanimidade da Comisión de Agricultura, Gandería e Montes do Parlamento o Plan Forestal de Galicia. Este documento configurábase como un proxecto a longo prazo (1992 a 2032) para a “conservación e protección de recursos naturais”, “mellora da calidade de vida mediante formas de uso social e recreativo” e de “desenvolvemento económico, en canto produtor de materias primas renovables e inductor de procesos de transformación”. Este ambicioso Plan foi condenado ao esquecemento e acabou sendo derrogado *de facto* cando transcorreu pouco máis dunha terceira parte dos seus anos de vida, cun escaso grado de execución, os seus obxectivos aínda vixentes e nin sequera ser sometido a unha valoración crítica e revisión.

2. ESTABILIDADE DA INVERSION PÚBLICA

Para establecer unha política forestal competitiva e de futuro é necesario dispoñer dunha planificación do sector forestal, que ademais conte cun orzamento de acordo coa importancia deste sector en Galicia, destinando principalmente, as inversións públicas a mellorar a xestión do monte e a mobilizar inversión privada no mesmo.

Non obstante, de nada valen os obxectivos e declaracións de intencións se non se cumpren os compromisos económicos que levan aparellados. Nos trece anos de vixencia do Plan Forestal de Galicia acumulouse respecto ás previsións un desfase de máis de 300 millóns de euros correntes en inversión pública no monte.

Dentro do obxectivo de incremento da superficie arborada en 300.000 hectáreas (respecto ás estimadas polo IFN III en 1996) e de triplicar as superficies obxecto dunha xestión adecuada, as liñas que deben contar con apoio financeiro público prioritario son:

- Fomento da mellora xenética das especies forestais de interese comercial,
- Fomento da forestación das terras de aptitude forestal actualmente abandonadas ou infrautilizadas,
- Fomento das prácticas silvícolas, en especial das claras e cortas de mellora, tendente á mellora da produtividade e da calidade da madeira das masas existentes, con especial atención á madeira de serra de pino,
- Mellora das infraestruturas forestais.

Nunha recente proposta de actuacións a cargo do Plan de Desenvolvemento Rural nos próximos 6 anos estimáronse, entre outras, como necesidades de actuacións necesitadas de cofinanciación pública as seguintes: rexeneración de 45.000 ha de montes afectados por incendios, tratamentos silvícolas 25.000 ha/año, forestación en 13.000 ha/año...(Ver anexo)

Para este nivel de inversión sería necesario acadar un 3% do orzamento autonómico para a financiación das accións urxentes en materia forestal, sempre e cando o custe do dispositivo de loita contra incendios forestais non superase o 25 % de esa cantidade.

3. DESENVOLVEMENTO DE INCENTIVOS Á PRODUCCIÓN FORESTAL

No sentido amplo un incentivo forestal é calquera cousa que sexa capaz de motivar ou estimular a actividade dos axentes do sector forestal en inversións no establecemento e xestión de masas forestais.

Os incentivos poden definirse como instrumentos de política forestal que incrementan as vantaxes comparativas da produción forestal e polo tanto estimulan as inversións no establecemento e xestión de masas forestais.

Unha política de Incentivos á produción forestal debe vir aparelhada da eliminación dos “desincentivos” que lastran a actividade (trabas administrativas e legais, falta de apoio político expreso, ...), lo que é tratado en diversos epígrafes de este documento. (véxanse apartados ****)

Ata o momento en Galicia os incentivos non pasaron do establecemento de liñas de axuda procedentes de fondos europeos. Sen embargo non hai, a penas, experiencia no uso de outros instrumentos, amplamente utilizados en outros países forestais, como:

- Incentivos fiscais á inversión forestal
- Préstamos para a inversión en activos forestais ou na mellora dos mesmos
- Fondos de Inversión Forestal
- Desenvolvemento adecuado de Servizos de Apoio ao produtor (Extensión Forestal)
- Transferencia eficaz de resultados de Investigación (Xenética e Silvicultura). (véxase medida 10)

O impacto deste tipo de instrumentos pode ser moi positivo debido á maioritaria propiedade privada do monte (98%) e ó feito de que os silvicultores posúen outra fonte principal de ingresos distinta do monte (sendo este unha actividade secundaria con connotacións de inversión/aforro).

Sería especialmente interesante o desenvolvemento de incentivos á forestación e incremento da produtividade dos montes baseados na capacidade de secuestro de CO₂ das masas forestais.

4. ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE A PROPIEDAD FORESTAL

No caso de Galicia, a propiedade particular representa o 80% da superficie arborada e aporta o 90% das cortas anuais. A superficie media é dunhas 0,25 ha e os terreos tan reducidos dificultan a mecanización da silvicultura e os aproveitamentos forestais, encarecendo o seu custe ata o extremo de poñer en perigo a súa rendibilidade futura.

Por isto, hai que poñer en marcha un plan estratéxico sobre a propiedade forestal, dirixido a incentivar a cooperación para a execución de traballos forestais, ou aproveitamento común de infraestruturas e a comercialización conxunta dos produtos forestais. Estas medidas impulsarían, xunto coa concentración de montes, a creación de sociedades e, en xeral, de asociacións de pequenos propietarios como medida de choque para a introducción dunha silvicultura moderna, ampliar o tamaño das explotacións e reducir os custes dos aproveitamentos forestais.

Como obxectivo prioritario debería contarse, ó menos, cunha experiencia piloto de agrupación por Distrito Forestal.

5. MELLORA DA EFICACIA DA ADMINISTRACIÓN

Dende as transferencias das competencias Forestais por parte Do estado a Producción Forestal e a Industria de Primeira Transformación da Madeira Estiveron encadradas nunha Dirección Xeral que tiña a Defensa contra Incendios Forestais como a súa máxima prioridade. Isto fixo que a administración dedicada á produción forestal se encontrase, en numerosas ocasións, condicionada polas inxentes partidas orzamentarias e a mobilización de recursos humanos (axentes, técnicos,...) que demandaba dita labor. Ademais non son desprezables os efectos políticos desta coexistencia de incendios e produción forestal na mesma Dirección Xeral. Desta maneira, é evidente a redución de “o forestal” aos incendios por parte da opinión pública, os partidos políticos e as organizacións sociais.

Independente da adecuación da estrutura da Administración, é urxente afrontar unha mellora da súa Eficiencia Operativa mediante o desenvolvemento de liñas claras, orientadas a obxectivos e resultados xerárquicos e facilmente valorables. (Obxectivos de aproveitamentos e silvicultura en montes xestionados, etc. ...)

Estas melloras deben vir complementadas, coa superación, por parte dos Distritos Forestais, do modelo de servizo comarcalizado de “bombeiros forestais” e a súa adopción do status de Servicio de Extensión para a Producción Forestal axudados pola súa proximidade aos propietarios forestais e comunidades de montes, e os montes xestionados.

Ademais da organización interna da Administración Forestal, é imprescindible que a coordinación entre distintos departamentos da Administración Autonómica e a coordinación entre a Administración Autonómica e a do Estado permita simplificar os trámites, o réxime de permisos e autorizacións, e favoreza a competitividade dos traballos de aproveitamento forestal e transporte de madeira. Como exemplos poderían poñerse os seguintes:

- Procedemento Único para a solicitude de permisos de Corta e outros traballos forestais.
- Coordinación cos Organismos de Cuenca hidrográfica del Norte y del Duero.
- Aprobación (o igual que en Francia e Portugal) do límite de 60 toneladas para o transporte de madeira por estrada.

6. INNOVACIÓN NOS MODELOS DE XESTIÓN FORESTAL

Xestión Pública: A xestión pública de montes privados, establecida por contrato coa propiedade, debe entenderse como un instrumento financeiro para o fomento da repoboación, a silvicultura e a ordenación forestal, así como unha oportunidade de dotar ás comunidades de veciños de servizos especializados de asistencia para a xestión dos seus montes. Non obstante, os instrumentos actuais proceden de desenvolvementos normativos de 1944 e 1974 e afrontan dende fai máis de 20 anos unha crise “existencial” que necesita de reforma. Ademais a Lei básica de Montes prevía en 2003 na súa Disposición Adicional primeira que “os consorcios e convenios de repoboación amparados pola lexislación que se derroga na disposición derogatoria única desta lei continuarán vixentes ata a data da súa finalización.” E que “as comunidades autónomas poderán substituír os consorcios e convenios de repoboación subscritos entre a Administración forestal e os propietarios de montes por outras figuras contractuais nas que *non sería esixible unha compensación económica a favor da Administración o condonar a súa débeda*”

Xestión Privada: Deben estudiarse que outros modelos de xestión forestal poden ser de aplicación para Galicia, en concreto para os montes particulares.

7. MARCO COMPETENCIAL ADECUADO.

A proliferación de diferentes regulacións da produción forestal en cada concello, promovidas polas Entidades Locais, e a aprobación de normas de distinto rango que conteñen disposicións que ceden aos concellos competencias forestais de maneira expresa ou implícita, ten unha incidencia negativa no sector forestal, afectando tanto a propietarios forestais como a industria, sen aportar beneficios claros á sociedade.

Galicia non se pode permitir ter 315 políticas forestais distintas e contradictorias.

O potencial de vertebración territorial dunha actividade como a produción e aproveitamento dos montes non poderá ser desenvolvido en un escenario onde as competencias forestais, estean dispersas no territorio, nas distintas administracións e entre os seus distintos departamentos.

8. APOIO E COMPROMISO INSTITUCIONAL

É imprescindible, que o proxecto de futuro para o monte galego, leve o compromiso político e social ao máis alto nivel e coa maior estabilidade posible.

Despois dos danos sufridos no pasado 2006, é necesario un apoio expreso por parte da sociedade en xeral, e dos seus representantes en particular, aos que inverten en facer do monte un activo básico da economía galega.

9. COOPERACION INTERREXIONAL

A UE recoñeceu á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como unha das tres con maior potencialidade de intercambio social, económico e cultural entre as máis de 60 zonas transfronterizas contabilizadas na Unión.

Galicia e Norte de Portugal configuran unha única área a efectos do comercio de madeira en rolo. Para unha industria do Sur de Pontevedra (por exemplo) o Norte de Portugal é máis a súa área natural de abastecemento que o Norte da Provincia de Lugo. E viceversa, para unha empresa do Norte de Portugal o Sur de Galicia constitúe unha área máis próxima que o Sur do País. Nos últimos anos, ademais, diversas operacións corporativas aumentaron a estreita relación que tradicionalmente existía entre as empresas galegas e portuguesas do sector.

Galicia e Norte de Portugal comparten ademais boa parte dos retos, oportunidades e ameazas ao desenvolvemento da produción forestal e transformación da madeira.

Actualmente, Portugal enfróntase a unha crise na industria forestal motivada polo declive dos seus piñeiros e o estancamento de outras especies de importancia industrial (eucalipto).

Por isto é capital utilizar os mecanismos existentes de interrelación institucional e política (Eurorrexión, etc.) para configurar un polo forestal e da madeira competitivo e estable.

10. INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Ao igual que ocorre noutros sectores, no sector da madeira amolece de adecuada articulación entre o sector productivo e o sistema público de I+D.

A investigación e a innovación tecnolóxica supoñen unha das ferramentas máis eficaces para a competitividade do sector. Polo tanto, debe ser un obxectivo prioritario establecer liñas específicas de apoio á innovación na industria da madeira dentro dos Plans de Axudas Públicas á I+D.

O sector empresarial debe poder participar activamente na definición de prioridades, no deseño dos instrumentos de execución, etc.

11. FOMENTO DO USO DA MADEIRA

A madeira é un produto natural, renovable, reciclable, biodegradable e que contribúe a mitigar o efecto invernadoiro e combater o cambio climático. En 2006, os produtos da industria forestal de Galicia conteñen 3,5 millóns de toneladas de CO₂ previamente fixado polas masas forestais. Ademais, a madeira en uso substituirá a outros produtos que houberan necesitado nos seus procesos de fabricación a emisión de 4,27 millóns de toneladas de CO₂.

O consumo en España aínda dista moito da media europea, nestes momentos ocupa o duodécimo posto. O Anuario Estatístico do MAPA sitúa o consumo *per capita* de madeira en rolo equivalente en 0,56 m³

12. CERTIFICACIÓN FORESTAL

No mercado cada vez máis globalizado e internacionalizado as industrias forestais galegas están apostando pola diferenciación dos seus produtos por medio da certificación forestal. Para poder obter este valor engadido a súas liñas de produción, falta que os propietarios poden ofertar ás empresas madeira certificada.

La Certificación forestal, garantira ao consumidor o orixe da madeira que adquire (bosques xestionados de maneira sostible), ademais de axudar á Conservación do medio ambiente, da biodiversidade e dos recursos naturais (auga, solo, etc.).

No ano pasado saíron o mercado 415.655 m³ certificados PEFC e para este ano prevense chegar a 450.000 m³. Pero en Galicia as empresas certificadas poden consumir 3.500.000 m³ para a fabricación de máis de 20 produtos distintos.

Por isto é de vital importancia que a Administración se implique en incentivar e facilitar la Certificación dos propietarios particulares, ademais de manter a certificación dos montes de xestión pública que obtiveron.

13. LEI DE MONTES

Galicia é a Comunidade con maior produción de madeira do Estado. Sen embargo, nos 25 anos de “competencias exclusivas” sobre montes e aproveitamentos forestais non fomos capaces de desenvolver unha Lei Galega de Montes. Se nalgún lugar necesitábase unha lei específica polo seu carácter eminentemente produtor, por la importancia económica que se deriva, polas súas condicións naturais e o súa particular réxime de propiedade, era Galicia.

Actualmente, existen leis forestais autonómicas en Cataluña, Navarra, Andalucía, Comunidade Valenciana, La Rioja, Comunidade de Madrid e Asturias ás que debería engadirse as tres Normas Forais dictadas en cada un dos Territorios Históricos do País Vasco, e os textos en proxecto moi avanzados de Castela-León e Murcia.

A ausencia desta norma de rango autonómico impide adecuar o marco normativo a realidade do sector forestal galego. Neste contexto, a norma de aplicación pasa a ser a lexislación básica española, aprobada, no 2003, e baseada no bosque mediterráneo. Este bosque cumpre,

basicamente, funcións protectoras e só en casos excepcionais, funcións productivas. Xusto ao contrario da situación que se da en Galicia.

Este baco de normas autonómicas de maior rango propicia que a actividade forestal se encontre regulada de maneira “colateral” por distintas disposicións (infraestruturas, medioambiente, urbanismo, incendios,...). Si a isto lle engadimos, como xa se expuxo, que os concellos intenten regular a actividade forestal con introducción de ordes municipais o resultado é un auténtico barullo legal que afecta á actividade forestal chegando en moitos casos a poñer as inversións forestais ao límite da inseguridade xurídica.

- Debe recoñecer que a conservación, expansión e explotación das masas arboradas son de interese público.
- Debe evitar ser intervencionista da actividade económica ligada ao monte e, en cambio, prover ao sector forestal dun marco xurídico estable, xusto e incentivador que responda ás necesidades do monte galego e permita afrontar ventaxosamente os retos futuros.
- Debe ser o marco regulador do uso e aproveitamento das masas forestais. Carece de sentido que unha actividade territorialmente tan estendida estea regulada por omisión ou definida en normas alleas á mesma.
- Debe ser unha lei para o monte e non unha lei para a conservación, por isto non debe redundar sobre medidas protectoras que estableza outra lexislación xa existente.
- Debe incentivar os aproveitamentos forestais, especialmente a madeira, pola súa contribución no desenvolvemento económico de áreas rurais, a súa aportación ao desenvolvemento económico de Galicia a través da industria de transformación da madeira e o seu efecto preventivo de incendios forestais.
- Debe aportar o marco xurídico que sexa imprescindible para a adopción das anteriormente expostas medidas.

1. RECUPERACIÓN SOSTIBLE DOS MONTES ARBORIZADOS AFECTADOS POLOS LUMES FORESTAIS (Acordo Mesa Madeira)

Descrición/Xustificación:

Como xa se sinalo na mesa da madeira e se firmó no “Acordo da mesa da Madeira para o aproveitamento da madeira queimada e para a recuperación sostible dos montes arborizados afectados polos lumes forestais” a Administración pública Galega comprometeuse a establecer prioridades cara a recuperación e rexeneración dos montes e as superficies arborizadas afectadas polo lume mediante axudas ós propietarios afectados que priorizarán os montes que contén con proxectos de ordenación ou plans técnicos de xestión forestal.

Considerando que no verán de 2006 a incidencia do lume ten a categoría de catástrofe, pero que este fenómeno va a seguir incidindo nos montes galegos requírese a disposición de recursos anuais para recuperar as áreas arboradas queimadas.

- Liñas de subvención para tratamentos silvícolas en zonas co rexenerado natural tras incendio.
- Liñas de subvención para repoboación en montes queimados nos que non sexa posible a rexeneración natural, tendo a posibilidade de incluír, na mesma subvención, puntos de auga, pistas e devasas.
- Apoio económico para a suscripción de pólizas de seguro contra incendios forestales.

Beneficiarios:

Silvicultores (particulares, agrupacións destes e CMVMC).

Obxectivos:

En 2006, das 93.750 ha afectadas polo lume, 53.270 estaban arborizadas.

Plantexase axudas a rexeneración de 45.000 ha de montes afectados.

Reforestación: 30.000 ha

Apoio á Rexeneración natural: 15.000 ha

Orzamento: 69 millóns de euros.

3. REESTRUCTURACIÓN E MELLORA DA ESTRUCTURA E INFRAESTRUCTURA DA PROPIEDAD FORESTAL

Descrición/Xustificación:

A estrutura da propiedade plantexase como un dos problemas que te o monte galego e que supón un lastre pra súa posta en produción, aproveitamento sostible e por suposto para frenar os lumes forestais.

Necesitase unha figura xurídica específica que permita a creación de agrupacións de propietarios forestais a escala local para ter constituídas unidades de xestión de tamaño viable.

Está fórmula diferente da concentración parcelaria debe recoller as características e peculiaridades da produción forestal e dos turnos de produción e debe beneficiar e contemplar fiscal e economicamente os rendementos e inversións para que o propietario non salga perxudicado al integrarse nesta nova figura.

Doutra banda, deben fomentarse e incentivarse a resolución de conflitos da propiedade en cuanto a lindes, etc. que poden favorecer a posta en produción de terreos, a la vez que eviten riscos de incendios u outro tipo de conflitos como sucede en moitos casos cos MVMC.

- Axudas para a formación destas asociacións e para os traballos de repoboación, tratamentos silvícolas ou infraestructuras necesarios para por en valor eses terreos.
- Axudas para afrontar os problemas de límites de propiedade nos Montes Veciñais en Man Común.
- Liñas de subvención para apertura e mantemento de pistas e outras infraestructuras básicas en montes particulares.

Beneficiarios:

Silvicultores (particulares, agrupacións destes e CMVMC).

Obxectivos:

Desenvolver a fórmula xurídica deste tipo de agrupación.
Destinar recursos anualmente para cada unha das liñas.

4. AXUDA E FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE CERTIFICACION DA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE.

Descrición/Xustificación:

O mercado esta comenzando a demandar produtos forestais certificados.

Os esforzos realizados en Galicia fixeron que a nosa comunidade liderara a superficie certificada hasta fai pouco tempo e siga a liderar as cadeas de custodia. Nembargantes, as liñas seguidas noutras CCAA favorecendo e incentivando sistemas rexionais e a incorporación de propietarios cun custo nulo a estos sistemas han feito que hoxe ya non ocupemos tan destacado lugar.

A maioría dos propietarios forestais galegos non dispoñen de certificación, e esta situación vai provocar problemas na saída dos nosos produtos en Europa e perdas de renda importantes os produtores.

Por último a certificación da xestión forestal sostible e para a sociedade unha garantía do ben facer e da conservación dos nosos montes.

Beneficiarios:

Silvicultores (particulatres e CMVMC), entidades representativas dos sistemas de certificación forestal, empresas forestales

Obxectivos:

Destinar recursos anualmente dentro do periodo de duración do programa para facilitar a incorporación de superficies ós sistemas de certificación forestal de xeito que durante estos anos o coste da certificación sexa nulo para os que voluntariamente se incorporen a mesma.

6.-SILVICULTURA DE PRODUCCIÓN (tratamentos silvícolas e fitosanitarios)

Descrición/Xustificación:

As características ambientais galegas e a ecoloxía dos principais sistemas forestais esixen a aplicación de tratamentos silvícolas para garantir a súa sostibilidade e para ofertar o mercado produtos de calidade que incrementen a competitividade da industria galega de transformación, en particular a de transformación da madeira.

- Axudas para tratamentos silvícolas en montes arborados para obter produtos de calidade, cun maior valor engadido: podas, desbroces e desmestas
- Axudas para a realización de tratamentos fitosanitarios

Beneficiarios:

Silvicultores (particulares, agrupacións destes e comunidades de montes veciñais) e entidades en quen estos expresamente deleguen.

Obxectivo:

Aplicación de tratamentos silvícolas en 25.000 ha anuais.

Orzamento necesario: 26 millóns de euros ó ano dos o 60% serían fondos públicos, é dicir **15,6 millóns de euros/ano**

8.- PRIMEIRA FORESTACIÓN DE SUPERFICIES DE APTITUDE FORESTAL (AGRICOLAS E NON AGRICOLAS)

Descrición/Xustificación:

En Galicia existe unha importante superficie de terreos privados de gran calidade, agrícolas e forestais, que por variadas circunstancias- pequena dimensión, xubilación dos donos, dificultades de relevo- se atopan en estado de abandono ou sen aproveitamento. Trátase de terreos nós que compre facer unha silvicultura moi coidadosa destinada a aproveitamentos de alto valor, madeireiros, micolóxicos, froiteiros, etc.

Tamén existen en Galicia máis de 600.000 ha de terreos privados de baixa calidade estacional, actualmente sen cultivo de ningún tipo, que poderían ser utilizados para aproveitamentos madeireiros, silvopastorais e enerxéticos. A posta en produción destas superficies ou de parte delas supón un impulso económico importante, crearía postos de traballo en zonas onde actualmente as alternativas de emprego son escasas, fixando poboación e crearía unha posibilidade de rendas futuras ós propietarios.

- Axudas para a produción de madeiras de alto valor
- Axudas para a instalación de aproveitamentos silvopastorais, ou de produtos forestais distintos da madeira
- Axudas para a forestación de terras con aptitude forestal con subvencións ós traballos de repoboación e á seu mantemento posterior.

Beneficiarios:

Silvicultores (particulares, agrupacións destes e comunidades de montes veciñais) e entidades en quen estes expresamente deleguen.

Obxectivo:

Actuacións de primeira instalación en 3.000 ha o ano en terreos de alta calidade.

Actuacións de primeira instalación en 10.000 ha o ano en terreos de baixa calidade.

Orzamento necesario:

6,3 millóns de euros ó ano en terreos de gran calidade dos que o 70% serían fondos públicos, é dicir **4,4 millóns de euros/ano**

15 millóns de euros ó ano en terreos de baixa calidade dos que o 60% serían fondos públicos, é dicir **9 millóns de euros/ano**

9.- SILVICULTURA PREVENTIVA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

Descrición/Xustificación:

A aplicación das novas normativas de prevención de incendios forestais van requirir un forte esforzo de gasto os propietarios forestais, en especial en traballos de control da vexetación do sotobosque, das beiras de camiños e de pistas forestais, así como de mantemento das infraestructuras de defensa que terán que adaptarse as directrices dos planes de prevención e extinción de incendios forestais do Distrito Forestal correspondente.

- Axudas para desbroces estratéxicos e eliminación de vexetación en faixas de defensa e cortalumes
- Axudas para apertura de camiños, cortalumes e áreas de defensa
- Axudas para a construción de depósitos de auga homologados para a utilización polos servizos de extinción
- Mantemento das infraestructuras de defensa
- Equipamentos, maquinaria e ferramenta, de loita contra o lume

Beneficiarios:

Silvicultores (particulares, agrupacións destes e comunidades de montes veciñais)

Empresas de servizos forestais.

Parcial Propostas de accións para o PDR de Galicia

13.- COMERCIALIZACION DOS PRODUCTOS SELVICOLAS

Descrición/Xustificacion:

Fomento da mellora dos sistemas de comercialización dos produtos forestais, apoiando a renovación de equipamentos e impulsando a modernización, mellora e incorporación de sistemas que favorezan a competitividade dos aproveitamentos forestais.

- Axudas para a adquisición e/ou adaptación de equipamentos ou maquinaria para os aproveitamentos forestais.
- Axudas para novas iniciativas de comercialización.

Beneficiarios: Selvicultores (particulares e CMVMC), empresas de servizos e aproveitamento forestal

Obxectivo:

Orzamento: 24 millóns de euros